

**REGULAMENTO DE TRANSPARENCIA
E DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017

ÍNDICE

Preámbulo

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Lexislación de referencia

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Artigo 4. Fomento da cultura de transparencia.

Capítulo II. Publicidade activa

Artigo 5. Publicidade activa

Artigo 6. Sistema integral de información

Artigo 7. Portal de transparencia

Capítulo III. Reutilización da información

Artigo 8. Reutilización da información

Artigo 9. Portal de datos abertos

Capítulo IV. Dereito de acceso á información pública

Artigo 10. Dereito de acceso á información pública

Artigo 11. Solicitude de acceso

Artigo 12. Tramitación da solicitude

Artigo 13. Resolución e resposta

Artigo 14. Formas de acceso

Artigo 15. Recursos e reclamacións

Capítulo V. Bo goberno e goberno aberto

Artigo 16. Principios de bo goberno

Artigo 17. Declaración de actividades e de bens patrimoniais

Artigo 18. Rexistro de actividades e rexistro de bens patrimoniais de altos cargos

Artigo 19. Código ético

Artigo 20. Mecanismos de participación

Capítulo VI. Mecanismos de coordinación e de control

Artigo 21. Órganos e unidades responsables da transparencia

Artigo 22. Informe anual

Artigo 23. Réxime sancionador

Disposición transitoria. Portal de datos abertos

Disposición final. Entrada en vigor

Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo

Preámbulo

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), inclúen as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas no seu ámbito de aplicación.

Ambas as leis establecen as obrigas que as institucións deben cumprir, polo que lle corresponde agora á Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolver no seu ámbito as disposicións que as lei regulan adaptando os procedementos ás estruturas de xestión universitarias.

Por unha banda, o presente regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra banda, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e o rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da páxina web. Froito deste compromiso, as obrigas e os compromisos das distintas normativas trasládanse ao presente regulamento que, non sendo de obrigado cumprimento, permiten situar a universidade entre as administracións máis activas e responsables.

Neste senso, amplíanse as obrigas de información que debe ser publicada ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016 que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse así mesmo os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e do bo goberno na Universidade de Vigo.

Artigo 2. Lexislación de referencia

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 18/2015, do 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Este regulamento aplicarase á Universidade de Vigo e ás entidades vinculadas ou dependentes, incluídas as sociedades mercantís, as fundacións e outros entes instrumentais.

Artigo 4. Fomento da cultura de transparencia

A Universidade de Vigo promoverá actividades dirixidas á comunidade universitaria e á cidadanía en xeral para garantir o coñecemento e a aplicación da normativa sobre transparencia e o efectivo exercicio do dereito de acceso á información pública.

Capítulo II. Publicidade activa

Artigo 5. Publicidade activa

1. A Universidade e as demais entidades incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento publicarán a información prevista na lexislación estatal e autonómica de transparencia.

2. A Universidade publicará ademais a seguinte información sobre a actividade docente:

- a) A oferta académica que inclúe as titulacións oficiais e propias, cursos complementarios e de formación e cursos de idiomas.
- b) Os indicadores incluídos nos procedementos de verificación, seguimento e acreditación de titulacións oficiais, así como toda a información con carácter de información pública nos devanditos procedementos.
- c) Os resultados relacionados co rendemento académico do alumnado.
- d) Os resultados da avaliación da docencia e das titulacións.
- e) Os resultados relacionados cos programas de internacionalización.
- f) Os indicadores relacionados coa inserción laboral do alumnado egresado.
- g) As guías docentes e demais documentación de relevancia relacionada coa docencia.

- h) A relación do profesorado cun breve perfil deste: nome, categoría, dedicación, distincións e breve currículo.
 - i) Información sobre as principais canles de representación e comunicación co alumnado.
3. A Universidade publicará así mesmo información sobre a actividade investigadora e a transferencia do coñecemento:
- a) Información sobre a estrutura da investigación e a transferencia e a composición dos grupos de investigación.
 - b) Principais resultados relacionados coa actividade investigadora: sexenios, teses defendidas, proxectos de investigación e contratos de I + D.
 - c) Principais resultados relacionados coa transferencia dos resultados de investigación: publicacións, patentes e creación de empresas.
4. A Universidade publicará información sobre a actividade de extensión universitaria:
- a) Principais resultados da oferta de cursos e de obradoiros.
 - b) Principais resultados das actividades culturais e deportivas.
5. Toda a información deberá incluír sistematicamente a variable sexo, tendo en conta calquera identidade.

Artigo 6. Sistema integral de información

A Universidade de Vigo promoverá a transparencia da súa actividade pública a través da implantación dun sistema integral de información que permita o acceso fácil, aberto e gratuíto á información pública contida no conxunto de aplicacións e bases de datos que son fonte de información.

Artigo 7. Portal de transparencia

1. A Universidade de Vigo disporá dun portal web que facilitará o acceso gratuíto da cidadanía á información suxeita ás obrigas de publicidade activa de xeito claro, accesible, estruturado, interoperable e reutilizable.

2. A información publicada no portal será actualizada permanentemente, con indicación expresa da data da última actualización e, de ser posible, a data en que se volverá a actualizar.

3. O portal terá a información das entidades dependentes ou vinculadas á Universidade de Vigo mediante un enlace á web dos organismos.

4. O portal incluírá:

- a) A publicidade activa prevista na lexislación básica e autonómica de aplicación e no presente regulamento.
- b) O enlace a outras iniciativas de transparencia da universidade.

- c) O formulario para exercer o dereito de acceso á información pública.
- d) A normativa de transparencia que resulte de aplicación.

Capítulo III. Reutilización da información

Artigo 8. Reutilización da información

1. A Universidade de Vigo e as entidades dependentes ou vinculadas promoverán a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais, dos documentos que elaboran ou custodian de conformidade coa lexislación aplicable.

2. A Universidade de Vigo e as entidades dependentes ou vinculadas facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir as normas formais abertas.

Artigo 9. Portal de datos abertos

O catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. O portal de datos abertos, accesible desde o portal de transparencia, será o punto de acceso ao catálogo de información reutilizable.

Capítulo IV. Dereito de acceso á información pública

Artigo 10. Dereito de acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica e autonómica en materia de transparencia.

2. Enténdese por información pública os contidos ou os documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que costen en poder da Universidade de Vigo e das entidades dependentes ou vinculadas e que elaboraran ou adquiriran como consecuencia da súa actividade e o exercicio das súas funcións.

3. Non se aplicará este regulamento cando exista unha regulación especial de dereito de acceso ou cando a persoa solicitante queira acceder aos documentos de procedementos administrativos en trámite nos que exerza a condición de persoa interesada.

4. As solicitudes de información xeral e ordinaria sobre as actividades que realiza a Universidade de Vigo non se rexen por este regulamento, senón que se dirixirán aos puntos de información establecidos para cada actividade.

Artigo 11. Solicitude de acceso

1. As solicitudes de acceso presentaranse, preferentemente, a través do formulario electrónico dispoñible no portal de transparencia. Poderanse presentar así mesmo por calquera outro medio dos previstos na normativa básica sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral no ámbito da universidade. No caso de que se dirixan a outros órganos ou unidades, estes remitirán as solicitudes á Secretaría Xeral con carácter inmediato.

3. As persoas solicitantes poderán requirir axuda da Secretaría Xeral sobre a forma e o medio en que poden presentar as súas solicitudes e identificar o documento oficial solicitado, especialmente, as persoas con algunha diversidade funcional ou outras circunstancias persoais que lles dificulten o acceso á información.

4. A solicitude deberá indicar:

- a) A identidade da persoa solicitante, sen necesidade de acreditación electrónica.
- b) A información que solicita.
- c) O enderezo de contacto, preferentemente electrónico, en que se desexa recibir a resposta.
- d) A modalidade en que se prefire acceder á información solicitada.

5. Non se esixirá ningunha motivación da solicitude de acceso, sen prexuízo de que a persoa solicitante poida expresar as razóns da súa petición.

6. Unha vez recibida a solicitude comunicaráselle á persoa solicitante o seu recibo e indicaráselle a data de entrada e a data máxima para resolvela. Tamén se informará do tratamento que recibirán os seus datos persoais e a forma de exercer os dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos persoais.

7. Se a solicitude é imprecisa, a persoa solicitante terá un prazo de dez días hábiles para indicar a información á que quere ter acceso, con suspensión do prazo máximo para resolver. No caso de que non precise a información desistirase e archivarase a súa solicitude mediante unha resolución que se lle notificará co fin de que poida volver a exercer o dereito cunha nova solicitude que cumpra os requisitos.

Artigo 12. Tramitación da solicitude

1. A tramitación das solicitudes de acceso efectuarase conforme o previsto na normativa básica e autonómica de transparencia e no presente regulamento.

2. Tras recibir a solicitude, a Secretaría Xeral trasladará á Unidade de Análises e Programas se se trata do acceso aos datos ou á unidade administrativa correspondente, se se trata do acceso aos documentos.

3. O traslado da solicitude só revelará a identidade da persoa solicitante cando a súa identificación sexa necesaria para procesar a petición.

4. A Secretaría Xeral ou a unidade administrativa responsable da información solicitada no seu caso estudará a solicitude que comprende:

- a) O exame de se a información solicitada cumpre cos requisitos establecidos na normativa de transparencia.
- b) Se se atopa nalgunha das causas de inadmisión establecidas na normativa de transparencia.
- c) Se intervén algún dos límites de acceso previstos na normativa de transparencia,
- d) Se é de aplicación o establecido na normativa de transparencia sobre protección de datos persoais.
- e) Se é de aplicación o establecido na normativa de transparencia sobre dereitos ou intereses de terceiras persoas.

5. Con carácter xeral, favorecerase o acceso e a publicación da información pública. Só poderá ser inadmitida a trámite a solicitude e denegado ou limitado o acceso polas causas expresamente establecidas na lexislación. A súa aplicación realizarase conforme aos criterios adoptados polo Consello de Transparencia e Bo Goberno e a Comisión de Transparencia de Galicia.

6. O servizo ou os servizos responsables da información solicitada remitirán os documentos dos que se trate á Secretaría Xeral para a súa resolución.

Artigo 13. Resolución e resposta

1. Correspóndelle á secretaria ou secretario xeral resolver as solicitudes de acceso no ámbito da universidade.

2. Correspóndelle á persoa titular dos órganos de goberno ou executivos nas entidades vinculadas ou dependentes responder as solicitudes de acceso no ámbito da súa entidade. Na resposta informarase das canles de reclamación existentes.

3. A resolución notificaráselles á persoa solicitante e ás terceiras persoas afectadas que compareceran no procedemento, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao recibo da solicitude, en conformidade co establecido nas normas de transparencia estatais e autonómicas. Se o volume ou a complexidade da información solicitada o require, o prazo poderá prorrogarse por outro mes máis, tras notificarlo á persoa interesada antes do vencemento do primeiro prazo. Na resolución ou na resposta indicaranse os recursos que se poidan presentar.

4. Cando sexa estimatoria, total ou parcialmente irá acompañada da información solicitada sempre que sexa posible. En caso contrario, indicará a forma ou o formato da información, o prazo e as circunstancias do acceso, que non poderá ser superior a dez días.

5. Logo de transcorrer o prazo para resolver sen que se ditase e notificase unha resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.

Artigo 14. Formas de acceso

1. O acceso á información facilitarase preferiblemente por vía electrónica, salvo que non sexa posible ou a persoa solicitante indicase expresamente outro medio.

2. O acceso a información será gratuíto se os datos se consultan no lugar en que se atopan depositados ou se existen en formato electrónico, caso no que se enviarán por correo electrónico. A expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente do orixinal poderá estar suxeita ao pagamento das taxas establecidas na normativa da comunidade autónoma de Galicia sobre o particular. En todo caso, non poderán exceder o custo real da produción.

Artigo 15. Recursos e reclamacións

1. Contra toda resolución expresa en materia de acceso, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo dun mes, unha reclamación perante o Valedor do Pobo que será resolta pola Comisión de Transparencia de Galicia, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia. Se o acto non fose expreso, poderase interpoñer unha reclamación en calquera momento a partir do día seguinte ao que, segundo a normativa de transparencia, se produzan os efectos do silencio administrativo.

2. Esta reclamación terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa.

Capítulo V. Bo goberno e goberno aberto

Artigo 16. Principios de bo goberno

1. Teranse en consideración de altos cargos os previstos como tal nos Estatutos da Universidade. Os altos cargos estarán suxeitos as obrigas que a lexislación en materia de transparencia establece.

2. O reitor ou reitora, os vicerreitores ou vicerreitoras, o secretario ou secretaria xeral e quen exerza a xerencia consideraranse cargos unipersoais de carácter xeral para os efectos do presente regulamento.

3. Os altos cargos, os cargos unipersoais de carácter xeral e os cargos directivos das entidades dependentes ou vinculadas adecuarán a súa actividade aos principios de actuación establecidos no artigo 26 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 17. Declaración de actividades e de bens patrimoniais

1. Os altos cargos da Universidade de Vigo están obrigados a presentar as seguintes declaracións:

- a) Declaración de actividades segundo o modelo do anexo 1. Esta referirase a calquera actividade, negocio, empresa ou sociedade pública ou privada, que desenvolvan por si mesmos ou mediante substitución ou apoderamento, que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, ou nos que teñan participación ou intereses. Esta declaración deberá incluír tamén as actividades que desempeñaran durante os dous anos anteriores á toma de posesión como cargo público, así como as renunciacións ou os alleamentos de participacións en empresas que realizaran para cumprir a norma.
- b) Declaración de bens patrimoniais segundo o modelo do anexo 2. Refírese aos bens que integren o patrimonio da persoa interesada, comprensiva da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigas, que virá acompañada da copia da última declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e ao imposto sobre o patrimonio, no caso de que teña a obriga de presentalo. Esta declaración deberá incluír as participacións en calquera tipo de sociedade pertencente ao alto cargo. A declaración de bens patrimoniais deberá incluír, polo menos, os bens, dereitos e obrigacións patrimoniais que posúan; os valores ou activos financeiros negociables e as participacións en calquera tipo de empresas e sociedades.

2. As declaracións mencionadas no punto anterior efectuaranse dentro dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento do alto cargo e serán actualizadas de producirse algunha modificación relevante nas actividades ou bens patrimoniais declarados. En todo caso, anualmente, no mes de xullo, presentarán unha copia das declaracións tributarias mencionadas na liña b) do punto 1.

Artigo 18. Rexistro de actividades e rexistro de bens patrimoniais de altos cargos

1. O rexistro de actividades de altos cargos e o rexistro de bens patrimoniais aprobados polo Consello de Goberno serán accesibles nos termos previstos nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo.

2. O secretario ou secretaria xeral custodiará as declaracións mencionadas no artigo anterior, que asinarán a/o declarante e secretaria/o, e gardará nun sobre pechado asinado por ambas as dúas persoas.

3. Terán acceso completo aos rexistros:

- a) A reitoría, a secretaría xeral e quen declara.

- b) Os órganos xudiciais, para a instrución ou resolución dos procesos que requiran do coñecemento dos datos que constan nas declaracións, de conformidade co disposto nas leis de aplicación.
- c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos que constan nas declaracións.
- d) As persoas que ocupen os cargos de *defensor del pueblo*, valedor do pobo e defensor universitario, nos termos previstos nas súas leis de creación e no cumprimento das súas funcións.

4. Para publicarse no portal de transparencia da Universidade de Vigo, os altos cargos da universidade asinarán unha declaración responsable de non estar incurso en ningún suposto de incompatibilidade co cargo, así como unha declaración comprensiva dos ingresos anuais percibidos no seu exercicio, segundo os modelos dos anexos 3 e 4.

Artigo 19. Código ético

O código ético aprobado pola Xunta de Galicia será de aplicación na universidade, sen prexuízo de que esta decida aprobar as normas específicas de adaptación ao ámbito universitario.

Artigo 20. Mecanismos de participación

1. A universidade dotará de instrumentos que permitan a colaboración e a participación da cidadanía na mellora da calidade do servizo público e na toma de decisións.

2. A universidade aprobará as cartas de servizos dos servizos máis relevantes para a cidadanía e publicará no portal de transparencia, así como os informes dos resultados de cumprimento dos compromisos establecidos nestas.

3. As propostas e as suxestións de mellora en relación co funcionamento dos servizos públicos que presta a Universidade de Vigo realizaranse a través do portal de transparencia, que terá un acceso ao formulario do sistema de queixas, suxestións e parabéns.

Capítulo VI. Mecanismos de coordinación e de control

Artigo 21. Órganos e unidades responsables da transparencia

1. Correspóndelle ao reitor ou reitora adoptar as políticas adecuadas para o cumprimento da lexislación sobre transparencia.

2. Correspóndelle ao secretario ou secretaria xeral coordinar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento das obrigas relacionadas co dereito de acceso á información pública. No seu ámbito de actuación exercerá as seguintes funcións:

a) Recibir, tramitar e resolver as solicitudes de acceso á información pública da Universidade de Vigo.

b) Seguir e controlar a correcta tramitación das solicitudes de acceso á información pública e, de ser o caso, das reclamacións e dos recursos que se interpoñan.

3. Correspóndelle ao/á xerente adoptar as medidas organizativas necesarias para dar cumprimento as políticas de transparencia e as obrigas en materia de transparencia.

4. Os servizos e as unidades da universidade deberán colaborar facilitando os datos ou documentos que lle sexan requiridos para cumprir as solicitudes de acceso á información pública e as obrigas de publicidade activa.

5. A Unidade de Análises e Programas será a encargada de coordinar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento das obrigas de publicidade activa, entre elas:

a) Solicitar a información esixida para o cumprimento das obrigas de publicidade activa e difundila mediante a súa publicación no portal.

b) Realizar o seguimento e o control da actualización da información publicada no portal.

c) Tramitar as solicitudes de acceso á información pública referidas a datos.

d) Realizar o informe de seguimento anual previsto no seguinte artigo.

6. Correspóndelles aos titulares e cargos directivos das entidades dependentes e vinculadas adoptar as medidas necesarias para cumprir a normativa sobre transparencia no seu ámbito de actuación.

Artigo 22. Informe anual

A Secretaría Xeral, en coordinación coa Unidade de Estudos e Programas, presentará anualmente ao Claustro un informe relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. O informe recollerá:

a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.

b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.

c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.

d) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución po parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

Artigo 23. Réxime sancionador

1. O incumprimento dos deberes e das obrigas establecidas na lexislación básica, autonómica e no presente regulamento por parte das persoas responsables será obxecto do réxime sancionador establecido na lexislación sobre transparencia, coas previsións e límites que nela se establezan.

2. O reitor ou reitora é o órgano competente para ordenar a incoación do procedemento sancionador e a súa resolución.

Disposición transitoria. Portal de datos abertos

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste regulamento, a universidade publicará o portal de datos abertos. A disposición de información pública a través do portal de datos abertos farase de xeito progresivo conforme estea dispoñible.

Disposición final. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor, na data aprobada polo Consello de Goberno.